



Informa

marzo 2005

Sindicato de Traballadoras e
Traballadores do Ensino de Galicia

Imos a
10
e días
marzo

A corresponsabilidade,
clave da igualdade.

2

Imos a medias. A
corresponsabilidade,
clave da igualdade

As mulleres
docentes e a súa
saúde laboral

3

Colaboracións

Tempo de Mulleres,
Mulleres no

Permisos de
maternidade

Os dereitos de
maternidade nas
interinas

Masculinización da
riqueza:
explotación das
traballadoras

4

¡Máis recursos e
menos discursos!

Convocatorias para o
8 de marzo.

Para ver...

Para ler...



Organización de Mulleres

www.stegsindicato.org/muller.htm

stegmuller@stegsindicato.org

Imos a medias. A corresponsabilidade, clave da igualdade

A incorporación das mulleres á vida pública avanzou notablemente nas últimas décadas, froito da loita que moitas mulleres mantiveron e manteñen por acabar coa exclusión á que as foi sometendo o réxime patriarcal. **Este avance, tan xusto para nós e tan saudable para o conxunto da sociedade, estase a producir, aínda, de xeito deficitario e desigual** e, sobre todo, a costa do desgaste que supón superar as trabas estruturais e a marxinação simbólica que a sociedade tenta impoñernos.

Desde as institucións, desenvóléronse catro Planos de Igualdade (en 1988 iniciouse o 1º, e en 2006 finaliza o 4º) que tiveron como obxectivos fundamentais e eliminar as disposicións legais discriminatorias, fomentar o reparto equilibrado de responsabilidades, tanto públicas como domésticas, e impulsar cambios normativos e medidas laborais e asistenciais que facilitasen a compatibilidade da vida laboral e familiar. Na mesma liña, aprobouse a Lei de Conciliación da vida Laboral e Familiar que nos próximos meses se vai modificar no Parlamento.

E nós, conciliar..., conciliamos. Ese é o problema.



Quen concilia maioritaria e abrumadamente, somos nós. É máis, conciliamos todas as cargas domésticas (tarefas, responsabilidades e coidados) co noso traballo, o noso compromiso socio-político, ... Conciliamos tanto, e o tema é tan vello, obsoleto e penoso, que sona como se se tratase de outro concilio. Pero o que queremos é conciliar menos e vivir máis. É dicir, queremos conciliar a nosa vida social, profesional, sindical e familiar coa nosa vida persoal.

Pero, para iso, cómpre que en todos os ámbitos **VAIAMOS A MEDIAS**. Para iso, precisase que os gobernos se comprometan na nova Lei con verdadeiros avances, distinguindo claramente o que son políticas da familia e políticas das mulleres. Para iso, é imprescindible a corresponsabilidade dos homes no ámbito doméstico, **porque se non imos a medias, quizás outro mundo sexa posible fóra, de cara á galería, pero no mundo real, o noso mundo diario e cotiá, seguirá sendo un ámbito de explotación, apropiación e inxustiza.**

As mulleres docentes e a súa saúde

As e os profesionais quéixanse de que desigualdades sociais en materia de saúde, evidentes nos últimos anos, non repercutan en cambios na política sanitaria.

As mulleres que traballan no ensino, a pesares de seren unha porcentaxe maioritaria, ao igual que ocorre na sanidade, sofren o mesmo tipo de discriminacións que as súas compañeiras traballadoras en calquera outro traballo, aínda que o tipo de discriminacións sexa deses socialmente aceptados e moitas delas non chegan a percibilo. Se facemos referencia á saúde, poderíamos afirmar que teñen peor saúde que os seus compañeiros, adoitan ter menos baixas laborais pero sofren un maior deterioro na súa saúde, concretado en malestar crónico, cansazo xeneralizado, depresións, dores musculares, disfonías e afonías recorrentes, que en moitos casos atribúen ao seu xeito de vivir, á súa maneira de falar, ás súas presas, a como se toman as cousas, á súa forma de... en definitiva "culpabilizanse da súa falta de saúde". Xa asumiron o rol asignado e xa se convenceron de que o que hai que facer é seguir adiante.


AI/ Factores causantes nos centros educativos.

Igual que sucede con todas as persoas que traballan no ensino, as enfermidades máis frecuentes das docentes están sen tipificar como enfermidades profesionais. Teñen que ver con trastornos da voz, musculoesqueléticos e riscos psicosociais (estrés, acoso, síndrome da persoa queimada, ...).

Os factores que inflúen para que no desenvolvemento deste tipo de patoloxías estean máis expostas as mulleres que os varóns son os seguintes:

Factores físicos. Moito tempo de pé, malas posturas, uso indebido da voz, cambios frecuentes e bruscos de temperatura, movementos rápidos e imprevisibles, mobilario inapropiado, cargas frecuentes, luz extrema, raios elevadas, alto nivel de ruído...

Factores psicolóxicos. Baixo recoñecemento social, alta esixencia, maior nivel de empatía, menor acceso a cargos directivos, compromiso coas familias do alumnado,



Segundo a 3ª Enquisa Europea de condicións de Traballo, as mulleres vense sometidas a un traballo máis monótono e esixente, sofren máis acoso sexual e moral, un menor salario e enfróntanse a peores perspectivas de promoción que os homes.

alto nivel de improvisación, difícil control, interrupcións non previstas, multiplicidade de tarefas simultáneas.

Factores sociais e ambientais. Desprazamentos, cambios frecuentes de traballo, traslados, malas condicións espaciais, sobrecarga laboral, responsabilidades familiares, responsabilidade na organización doméstica.

Factores persoais. Maternidade, partos, lactancia, menopausa, ...

B/ Factores causantes na dobre xornada.

O traballo doméstico e reprodutivo, non remunerado, realizado basicamente polas mulleres e caracterizado pola realización de tarefas que teñen que ver coa atención e co coidado das persoas que conviven nunha unidade familiar, está socialmente aceptado coma algo "sinxelo e natural", que non implica riscos e que non produce enfermidades laborais, este tipo de traballo non catalogado e que se adxudica de forma maioritaria ás mulleres, que as somete de forma inxusta a unha dobre xornada que ademais non ten ningún tipo de incentivo, xa que nin está considerado, nin pagado, nin na meirande parte dos casos agradecido.

Aínda que nos últimos anos as mulleres foron incorporándose ó espazo público e laboral, non o fixeron os homes no mesmo grao ao espazo do privado, asumindo esas tarefas "tan fáciles e naturais", e así que seguen deixándose coidar, no canto de convivir e compartir a responsabilidade de xestionar a súa unidade familiar, xerando deste modo unha situación inxusta para as mulleres, que deben facer o esforzo de compatibilizar as súas tarefas asalariadas, coas da atención e coidado dos seus e, nalgúns ocasións, se ademais teñen compromiso de pais e nais maiores ou compromiso social, político ou sindical, convérteselles en tripla xornada que as escraviza e as fai enfermar.

Deste tipo de situacións non escapamos as mulleres que traballamos no ensino, xa que tamén nos vemos na necesidade, na maioría dos casos, de facer equilibrio para compatibilizar todas as nosas tarefas. Deste perigoso equilibrio adoita saír peor parada a nosa satisfacción persoal, as nosas afeccións e a nosa carreira profesional. Renunciamos a ampliar os estudos, a sobresaír na nosa área, a presentarnos a cargos directivos ou de xestión, a realizar proxectos, ...

Pódese afirmar que as docentes teñen peor saúde que os seus compañeiros

Hai diversos factores que inflúen para que as mulleres estean máis expostas

O traballo doméstico e reprodutivo, non remunerado, está socialmente aceptado como algo sinxelo e natural

COLABORACIÓN

"¿Qué crees que causou a túa heterossexualidade?, ¿a quen lla desvelaches primeiro?, ¿cómo e cando decidiches que eras hetero?, ¿é posible que todo o que precises sexa un bo amante homosexual?, ¿por qué insistes en facer pública a túa heterossexualidade?, a grande maioría das persoas que abusan de menores son heteros. ¿realmente consideras axeitado expoñelos a docentes con esa opción sexual?, tendo en conta a superpoboación mundial. ¿non é a heterossexualidade unha ameaza?"

Estas e outras preguntas forman parte dun coñecido formulario que circula pola rede, elaborado por unha parella de mulleres australianas coa pretensión de crear un xogo de espellos que reflectan algúns dos interrogantes cheos de prexuízo (moitas veces buscando unha explicación, cando non unha cura) e que se nos formulan a diario a lesbianas, gais e bisexuais.

Todas e todos sabemos que o prexuízo sempre ten a súa orixe na falla de coñecemento, e nós como educadoras e educadores temos moito que facer ó respecto.

A escola peca e peca de non mirar de fronte á realidade da que forma parte. A transformación social nestes últimos tempos é vertixinosa, pero se obvía a cotío dentro das aulas. E moitas veces estamos servindo de correa de transmisión do "discurso tradicional" no peor sentido da expresión.

As persoas somos diversas e diversa é a nosa forma de vida. Non podemos caer no erro de soamente recoñecer e perpetuar un destes modelos e presentalos como o único válido.

Debemos facer un exercicio de revisión dos nosos prexuízos. Coñecer. Reflexionar.

Cómpre deixar de transmitir a sexualidade dende un punto de vista puramente biolóxico, dende a perspectiva da reprodución. Porque ademais de negar a importancia que a sexualidade e a opción sexual de cada quen teñen no seu desenvolvemento como persoa, estaríamos a lexitimar que todo o que se aparta da heterossexualidade non ten razón de ser.

Cómpre decatarse de que a heterossexualidade ocupa todo o espazo. Debemos construír un espazo novo na diversidade. Por exemplo, non presupoñendo sempre a homosexualidade coma unha realidade allea. Como algo que lle pasa ós demais. Que está fóra dos muros dos nosos centros. Os docentes homosexuais existimos, o alumnado homosexual, tamén.

Do mesmo xeito que sempre existiron as familias homoparentais, por moito que pareza que a vindeira modificación do código civil que permitirá os matrimonios entre persoas do mesmo sexo vai supoñer un pistoletazo de saída para a creación deste modelo familiar.

Nada máis lonxe da realidade. O que si vai pasar é que estas familias terán, por fin, recoñecemento e protección por parte do Estado.

Teñámolo claro: a problemática da homosexualidade non a establece a opción sexual en si, senón a resposta que a sociedade lle da a todo o que é diferente.


E nós debemos escoller: ser parte do problema ou da solución.

Beatriz Otero

Tempo de Mulleres, Mulleres no Tempo

A Asemblea de Mulleres do STEG, en colaboración co Instituto de la Mujer, editou un **CALENDARIO DE MULLERES** co lema **Tempo de Mulleres, Mulleres no Tempo**.

Neste calendario, en todos e cada un dos días do ano, aparecen referencias a mulleres, e as súas aportacións ao arte, á ciencia, ao coñecemento, a xustiza social, á música... aportacións que na maioría de casos teñen sido ignoradas e invisibilizadas. Dende o STEG realizamos un importante traballo de investigación e recopilación co obxectivo de recuperar os nomes, vidas, historias e aportacións de todas elas ao coñecemento e experiencia universal.



Das 365 datas con nomes e historias de mulleres 45 son galegas. Agora nós, as mulleres do STEG, pretendemos rendir unha sinxela homenaxe a estas mulleres, e contribuír ao tan necesario cambio no imaxinario colectivo, que sigue situando ás mulleres fundamentalmente no ámbito doméstico, na dependencia e na subordinación.

Queremos recuperar cada día a referencia a un nome, unha historia, un compromiso, ur descubrimento, porque o coñecemento real da nosa historia axudaranos a avanzar neste tempo de mulleres. Ademais, esperamos que sexa un material útil e valioso para os centros educativos, tan necesitados de superar os estereotipos de xénero e avanzar cara un modelo coeducativo



Permisos de maternidade

O STEG pon en marcha neste trimestre unha campaña demandando a ampliación dos permisos de maternidade e lactancia. Seguindo a estela dos Estados europeos máis avanzados en conciliación e corresponsabilidade e esiximos un espazo para a negociación e o acordo sindical como en moitas das comunidades e nacionalidades do Estado.

Entendemos que esta é a mellor forma de reformar e desenvolver a Lei de Conciliación que prepara o Goberno de Zapatero e apoiar a natalidade que tanto preocupa ao presidente Fraga.

AS PROPOSTAS DO STEG son claras:

- **PERMISO DE MATERNIDADE:** 26 semanas + 1/3 de redución de xornada 100% do soldo ou un 80% do soldo se reduce a metade da xornada ata que a nena/o teña un ano.
- **PERMISO DE LACTANCIA:** 24 meses, (acumulables ao permiso de maternidade ata un máximo de 9 semanas).
- **PERMISO EXCLUSIVO PARA A PARELLA:** 4 semanas (acumulables ao permiso de maternidade no caso de familias monomarentais)

Os dereitos de maternidade nas interinas

O STEG denuncia que a Consellaría de Educación non se fai cargo da SS das interinas dende que finalizan o seu contrato ata que rematan as 16 semanas do permiso de maternidade.

Masculinización da riqueza: explotación das traballadoras

Algunhas análises e reflexións sobre as moitas situacións de intolerable desigualdade e minusvaloración laboral que padecemos ás mulleres europeas

Traballo precario

Tres cuartas partes do traballo precario en Europa realizan mulleres, o que se traduce en que cobramos no mellor dos casos un 25% menos cos homes

Maternidade / taxa de emprego

A taxa de emprego das mulleres con fillas/os é 13 puntos menor ca das que non os teñan. Os homes con fillas/os sitúanse 23 puntos por encima

Diferenzas salariais

As mulleres teñen un salario un 16% de media menos que o dos homes por igual traballo, chegando ao 30% e ao 50% en moitos países.

Dirección empresarial

Nos Consellos de Administración das grandes empresas (as que cotizan no IBEX 35) só un 3% dos cargos están ocupados por mulleres.

Taxa de emprego

A taxa de emprego feminino en Europa é 8 puntos inferior á masculina. En España, temos a máis baixa de Europa (37,6%), con unha diferenza do 30,3% respecto á masculina.

Representación política

No Parlamento europeo hai 732 escaños, dos que 510 están ocupados por homes e só 222. No conxunto dos países europeos, as mulleres ocupan o 25,4% dos escaños.

Paro feminino

En Europa, a media da taxa de paro dos homes é do 8% e a das mulleres do 15,9%. O paro feminino en España sitúase no 20,3%.

¿Conciliación?

O 92% das persoas que abandonan o mercado laboral, debido a razóns familiares, son mulleres.

Constantemente se fala de conciliar as responsabilidades familiares e o emprego a tempo completo, pero sempre asumindo que van a ser as mulleres quen o fagan e non os homes.

En definitiva, no mercado laboral europeo, a segregación entre sexos segue sen mudar.

¡Más recursos e menos discursos!

Neste ano 2005, a M.M.M., na nosa loita e afán por rematar coa pobreza e a violencia de xénero, realizaremos en todo o planeta mobilizacións para apoiar a Carta Mundial das Mulleres, un proxecto feminista colectivo para todas as sociedades do mundo e as súas institucións. Esta Carta reúne as nosas propostas e aspiracións para un mundo anticapitalista, sen machismo, sen explotación, sen preconceitos. A Carta iniciará a súa viaxe arredor do mundo o 8 de marzo en Sao Paulo, Brasil, saíndo nunha maleta na compañía dunha manta que irá confeccionándose e aumentando polas mulleres de cada país pola que viaxe. Recibiremos a Carta en Galicia o 20 de maio, de mans das Mulleres Portuguesas, no río Miño, e levarémola ao País Vasco. Finalmente rematarán as mobilizacións nun encontro Internacional o día 17 de outubro en Burkina Faso, un dos países máis pobres do mundo, onde participaremos mulleres marchando por un

mundo igual para todas e todos. Esta será unha parada para logo seguir a marcha, pois mentres que haxa desigualdades e inxustizas, nós estaremos en loita.

Nesta ocasión nós, as mulleres, alzamos a nosa voz para que a educación estea ao alcance de todas as nenas, para que as mulleres inmigrantes poidan vivir con dignidade, para conseguir servizos públicos de saúde axeitados, para que o traballo doméstico deixe de ser invisible, para que haxa equidade salarial e todas teñamos un emprego axeitadamente remunerado, para que as mulleres que padecen todo tipo de violencia sexan libres por fin.

Queremos construír un mundo no que reine a equidade, a solidariedade, a liberdade e a paz. Para poder conseguilo necesitamos que se oia ben forte a nosa mensaxe.

Convocatorias de mobilizacións e actos de ámbito local para o 8 de marzo:

Compostela: manifestación, saída Praza do Toural ás 20:30 h. Día 9 debate ás 19:30h na sala de Sargadelos. Día 10 vídeo forum ás 19:30h na sala de Sargadelos, película "Las mujeres de verdad tienen curvas". Día 12 festa no Abastos a partir das 23:00h.

A Coruña: Concentración no Obelisco ás 20:00h.

Costa da Morte: Concentración na Praza 8 de marzo (antigo mercado) ás 20:00h.

Ferrol: Concentración no Cantón ás 20:00h

Lugo: 18:00 h diferentes actos na Praza Maior (exposición de materiais, contacontos, lecturas varias, etc). 20:00 Concentración e lectura do manifesto.

Ourense: Feira feminista durante toda a tarde e concentración ás 20:00h nos xardíns do Padre Feixoo.

Pontevedra: Concentración ás 20:30h, e obradoiros ao longo do día na Praza do 8 de Marzo (ao lado da Glorieta de Compostela).

Vigo: Manifestación ás 20:00h saída da praza de Portugal.

Ponteareas: Concentración na Praza Maior ás 20:00h

Para ver...

VÓS QUE SOS MI HERMANA

Yolanda Olmos Ruíz



Mulleres de Nicaragua toman a palabra nun documento audio-visual que amosa a súa loita persoal e colectiva

Grupos de mulleres en Nicaragua levan acumulada nas últimas décadas unha longa experiencia organizativa, a miúdo sen apoios no seu entorno. O seu labor dirixese a crear alternativas e espazos propios que contribúan de forma decisiva ao desenvolvemento humano da súa sociedade.

Estes colectivos desenvolveron estratexias de resistencia e transformación ante a feminización da pobreza, a sobrecarga de traballo, a discriminación salarial, a negación do dereito a expresarse libremente, a ter acceso á educación e a decidir sobre a súa sexualidade e reprodución.

O seu obxectivo foi promover a concienciación, a capacitación e a autoaxuda impulsando proxectos de saúde, desenvolvemento económico e social, loita contra a violencia cara as mulleres e actividades de sensibilización á comunidade. Esta foi unha loita por unha vida máis digna e unha sociedade máis xusta e equitativa para mulleres e homes.

A imaxe das mulleres do "Sur", que a miúdo nos transmiten os medios de comunicación, reforza o estereotipo de mulleres como suxeitos pasivos, invisibiliza as súas experiencias e propostas, perpetuando e lexitimando a visión paternalista que as relega a un papel de simples receptoras de axuda e non as amosa como axentes de cambio dos seus procesos.

"Vos, que sos mi hermana", é un documental que pretende alonxarse deste código de imaxes victimista.

LAS MUJERES DE VERDAD TIENEN CURVAS

Patricia Cardoso

O núcleo da historia é o proceso de maduración de Ana, unha rapaza rebelde e intelixente que está a piques de rematar os seus estudos de secundaria. Ana ten a posibilidade de acudir becada á universidade, pero na súa familia teñen pensado outro destino máis tradicional para ela. Durante o verán, no que Ana ten que tomar importantes decisións sobre a súa vida, ten que botar unha man no taller de costura onde traballa a súa irmá maior. Alí aprenderá moito sobre a dignidade das mulleres, dos valores importantes da vida, moi diferentes dos impostos pola sociedade do éxito, simbolizada polos finos traxes que alí cosen e que nunca poderán usar, traxes destinados a mulleres hiper-delgadas con moito diñeiro e un aspecto deslumbrante.

Son moitos os conflitos que aparecen en torno a Ana, de xénero, de clase, de culturas, xeracionais...Filla dunha familia inmigrante, a súa lingua, a súa cultura, as súas expectativas xa non coinciden coas das mulleres do seu entorno. O interesante do filme é que esa fuxida cara adiante Ana vai tratar de que o seu camiño cara a liberdade non sexa un camiño individual, senón que toque de algunha maneira a todas esas mulleres que representan a súa heranza cultural.

En fin, a película fala do dereito á liberdade, do valor da educación e a cultura, da necesidade de voar por nós mesmas...



Para ler...

NI PUTAS NI SUMISAS

Fadéla Amara

Ed. Catedra, madrid, 2004. 184 páx.



'Nin putas nin submisas' foi o lema da marcha que percorreu Francia en 2003 para **denunciar a violencia machista** que se produce en moitos barrios obreiros de maioría inmigrante e é agora o título dun libro que recolle esa loita para recuperar os dereitos "confiscados" das mozas musulmanas.

Queimada viva aos 17 anos. O asasinato de Sohane Benziane, unha moza de 17 anos queimada viva en outubro de 2002, foi o inicio da marcha de Nin Putas nin Submisas, un movemento que se foi alimentando das denuncias de opresión, falta de liberdade e incluso "**violacións colectivas**" que sofren moitas mulleres en barrios que foron literalmente "tomados" polos homes.

O ano pasado Ni Putas ni Sumisas recibiu un dos premios dos Dereitos Humanos da República Francesa polo seu proxecto de crear "**a casa itinerante da muller**", espazo de encontro que ofrece apoio psicolóxico, xurídico e profesional.

MULLERES E EDUCACIÓN EN GALIZA. Vidas de Mestras.

Aurora Marco

Edicións do Castro. Sada, 2002.157 páxs.

Cheo de evocacións e documentos gráficos o libro de Aurora Marco recolle a polémica sobre a educación das mulleres en Galiza e reflicte a vida de tres mestras galegas que destacaron pola súa extraordinaria formación, a súa vocación e ansias renovadoras: **Concepción Saiz Otero, Antonia de la Torre Martínez e Antía Cal Vázquez.**

Cada unha a súa maneira, no seu contorno, estas mulleres foron quen de rachar as resistencias da cultura tradicional dominante no s. XIX e principios do s. XX que consideraba a formación científica das mulleres unha ameaza para a orde social. Soportaron alcumes hoxe intolerables como "pedagogo con saias", "bachillera necia e insufrible" máis nunca decaeron na súa entrega ao traballo pedagóxico, a aprender ensinando.

Recuperar para a historia a experiencia destas mestras significa reconecer o valor das súas aportacións, concederlle autoridade e o pago dunha débeda simbólica con aquelas que nos precederon no longo camiño de educar para construír unha sociedade máis xusta e máis igualitaria. **Sumámonos con Aurora Marco a esta homenaxe** e convidámosvos a que vos acheguedes á vida destas mestras.

